

PLAN DE

ATENCIÓN

À

DIVERSIDADE

CEIP. PLURILINGÜE JULIO GURRIARÁN

CURSO 22-23

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD).

- a).- Os centros son diferentes
- b).- As aulas son diferentes
- c).- Os alumnos son diferentes

2.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

3.- PRINCIPIOS QUE REXEN A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.- PROPOSTAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Respecto ao centro
- Colaboración co/a profesor/a, titor/a e demais especialistas do centro
- Con respecto ao alumnado
- Con respecto aos pais e nais

5.- DESTINATARIOS

- Alumnado con necesidades educativas especiais
- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas do altas capacidades Intelectuais.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

6.- PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO

7.- MEDIDAS EDUCATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas organizativas
- Medidas curriculares
- Medidas extraordinarias
 - Adaptacións curriculares (ACs)
 - Flexibilización do período de escolarización
- Medidas establecidas para o alumnado procedente do estranxeiro

8.- RECURSOS:

- Recursos humanos
- Recursos materiais
- Organización do espazo e do tempo

9.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS




10.- PROPOSTAS DE MELLORA

11.- NORMATIVA SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1) INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD):

O CEIP Julio Gurriarán Canalejas atopase na localidade de O Barco de Valdeorras, situada ao sueste de Galicia, que conta cunha poboación de aproximadamente duns 14.500 habitantes censados. Sinalar que é un dos poucos lugares da xeografía galega onde o índice de poboación aumenta, debido fundamentalmente aos movementos migratorios atraídos polas expectativas laborais. Factores que non debemos esquecer ao plantexar temas como a tolerancia, o racismo e o enriquecemento que supón o multiculturalismo e a convivencia con diferentes culturas.

Ante a perplexidade do mundo actual imponse un modelo de escola que atenda a toda a comunidade educativa, que sexa unha escola de todos e para todos. En definitiva aos alumnos/as débéselles educar a aprender a vivir xuntos en sociedades multiculturais, multiétnicas e multilingüísticas. Para que iso sexa posible é necesario:

-  reforzar a relación entre o centro e as familias.
-  fomentar a coordinación entre os distintos membros da comunidade educativo
-  e rescatar a autoridade “moral” do profesor como educador que exerce unha función mediadora básica na construción da convivencia.

Actualmente, debido as circunstancias sociais que acontecen (os novos valores sociais, a continua chegada de alumnos inmigrantes, a prolongación da escolaridade obrigatoria...) requiren que a resposta educativa que ofertamos dende cada centro non poida permanecer invariable, senón que debe permitir adaptarse ás esixencias da comunidade educativa e a unha serie de valores educativos que socialmente consideramos desexables e necesarios.

Cada equipo docente e cada profesor teñen que decidir sobre os valores educativos e as opcións metodolóxicas que consideran máis eficaces para estruturar a súa actuación docente. Son os propios docentes os que, en función do contexto social e educativo no que desempeñen o seu labor e das súas posibilidades de intervención, deben tomar e xustificar as súas propias decisións. Nesta liña, a elaboración do Plan de atención a Diversidade contribúe a favorecer estes procesos.

Por outra banda temos en conta a seguinte **LEXISLACIÓN:**

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

O **Decreto 229/2011, de 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. CAPITULO I, Artigo 1: O presente decreto ten por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais.

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro polo que se regulan a **avaliación e promoción** en Educación Primaria.

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a **admisión de alumnado** en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de **avaliación** nas ensinanzas de Educación Primaria no sistema educativo de Galicia.

Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o **proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína**

Resolución de 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que **se ditan instrucións** para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil e Primaria no curso 2022/23.

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

Temos en conta todo o ensino básico a **Atención á Diversidade**, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada as súas características e necesidades. Este principio **fundamental**, aglutina os principais principios e fins da educación: a **calidade** da educación para todo o alumnado, en condicións de **equidade** que garantan a **igualdade de oportunidades** e o **esforzo** compartido de todos os integrantes da comunidade educativa para lograr os devanditos fins.

A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue a todas as etapas educativas e a todos os alumnos/as, contemplada, polo tanto, como principio e non como unha medida destinada a un determinado alumnado. A axeitada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de **Inclusión**, entendéndose que unicamente deste modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social.

A devandita resposta educativa, rexerese polos principios de **normalización** e **inclusión**, e asegurárase ademais a súa **Non discriminación** e a **Igualdade efectiva** no acceso e permanencia no sistema educativo.

Co obxectivo de dar a cada alumno/a a resposta educativa máis axeitada as súas necesidades, contéplanse determinadas medidas organizativas que se reflexa no **Plan de Atención á Diversidade (PAD)**, como documento que recolle a planificación anual das medidas educativas de atención a diversidade do centro, no marco da Programación Xeral Anual (PXA), a partir da cal danse respostas axustadas a todo o alumnado, e en particular aos ACNEAE, co fin de asegurar o dereito individual a unha educación de calidade nun marco inclusivo. Así mesmo, no **Plan de Orientación (PO)** como documento que establece a priorización de necesidades e actuacións destinadas a impulsar, estimular e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da convivencia de toda a comunidade educativa, contemplando os obxectivos, recursos organizativos e metodolóxicos, coordinación entre docentes e recursos humanos externos, actividades a levar a cabo, e o asesoramento ao profesorado e ás familias. Así como o **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que engloba os distintos programas destinados ao conxunto do alumnado referidos, entre outros, a facilitar estratexias e destrezas

favorecedoras dos aprendizaxes escolares, posta en práctica do **Plan de Acollida**, desenvolvemento da autoestima, habilidades sociais, normas de convivencia e valores democráticos...considerando o estreito vínculo do proceso orientador coa práctica docente no cumprimento da **función tutorial**, xa que todo o profesor debe ser guía e orientador.

Así mesmo, a diversidade asúmese dende o propio desenrolo curricular que adaptase ao contexto, aos grupos de alumnos/as e a cada un de xeito individual. O currículo será, polo tanto, aberto e flexible, adaptado as características e necesidades de cada centro.

O punto de partida do Plan de atención á Diversidade debe fundamentarse en que:

b) **Os centros son diferentes**: é unha realidade, dificilmente cuestionable, que cada centro escolar posúe trazos propios e específicos que lle confiren esta identidade. Esa personalidade actúa, ás veces, como motivo de elección preferente tanto polos pais como polos propios profesores, que encontran nela determinadas garantías para educar os seus fillos, ou desenvolver o seu quefacer profesional, conforme aos seus valores e expectativas persoais. Cada centro constitúe, por conseguinte, un contexto singular con certa tradición educativa e unha dinámica propia de funcionamento que afectan a todos os membros da comunidade escolar.

c) **As aulas son diferentes**: é un feito comunmente aceptado que cada aula constitúe un contexto singular e, en certos aspectos, irrepetible. Isto é así dentro dun mesmo centro e aínda con grupos de alumnos do mesmo nivel académico e similares características de idade e extracción social e cultural. Esa especificidade adopta diversas formas que inciden en maior ou menor medida no proceso de ensino e aprendizaxe. Ás veces, o grupo-aula singularízase positivamente polo seu elevado nivel de cohesión, as súas expectativas favorables á aprendizaxe, o clima de relacións de comunicación que logrou xerar; e mesmo pola propia personalidade e a actuación dos seus líderes. Son esas aulas coas que o profesorado non adoita ter grandes problemas e nas que os incidentes normais se resolven sen maiores dificultades.

d) **Os alumnos son diferentes**: os alumnos/as desenvolven, xunto ás capacidades intelectuais e afectivas propias do pensamento, un peculiar estilo cognitivo e un campo de intereses e expectativas persoais con características diferenciadas das do resto dos individuos do grupo.

Pola nosa experiencia sabemos que existen situacións que se repiten ano tras ano nas nosas aulas, que hai características dos alumnos/as que atopamos de xeito habitual, e sabemos tamén que non hai un único tipo de alumno/a definido pola idade e o nivel escolar no que nos situemos, senón que no aula, como na familia, como na rúa, como na vida mesma, a diversidade é un feito.

Hai uns rasgos comúns que se repiten ano tras ano na maior parte do alumnado e que dependen maioritariamente da súa idade cronolóxica pero existen sobre todo rasgos diferenciais que teñen que ver coa súa personalidade, a súa etapa evolutiva, o súa nivel de competencia curricular, o seu ambiente familiar...

Todas estas condicións marcan a diversidade dos nosos alumnos/as na aula e as poderíamos concretar en :

✚ **Alumnos/as con distinto nivel de competencia curricular:** mentres uns desenvolveron as capacidades da etapa anterior (educación infantil) ou do 1º nivel deste ciclo , outros só desenvolveron algunhas e outros teñen un nivel superior ao que lles correspondería.

✚ **Alumnos/as que se atopan en distintos momentos de desenrolo somático e psicolóxico:** teñen diferentes ritmos de aprendizaxe, condicións físicas e psicolóxicas variadas que condicionan o súa desenvolvemento, ambientes socio familiares ricos ou pobres en estímulos, experiencias, expectativas..

✚ **Alumnos/as con distintas motivacións e intereses:** próximos ao ambiente escolar e de estudo nuns casos, e moi afastados noutros. Cun autoconceito positivo ou con falta de seguridade e confianza en si mesmos.

✚ **Alumnos/as con distintos estilos de aprendizaxes:** que se achegan, posiblemente, a un ou varios dos seguintes: activo, reflexivo, teórico, pragmático. Uns con estratexias cognitivas e outros que cando traballan faino mecanicamente.

✚ **Alumnos/as procedentes de distintos ambientes e contextos socioculturais:** ambientes familiares ou sociais desfavorecidos ou enriquecedores, minorías étnicas ou culturais, emigrantes...

2) **CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O PAD debe ser:

✚ **Integral:** porque abrangue a todos os alumnos con algún tipo de necesidade de apoio educativo. Non se agrupan os alumnos como grupos diferentes

segundo as súas características ou necesidades educativas. Deben ser considerados como un conxunto global e continuo que comprende dende o alumnos con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a calquera minusvalía e que necesita unha atención moi específica, ata o alumno que ten algún tipo de dificultade as aprendizaxes escolares e necesita algún tipo de axuda.

✚ Integrador: porque a resposta educativa é responsabilidade de todos os profesores e demais profesionais do centro.

✚ Competente: debe dar resposta as competencias básicas.

3) **PRINCIPIOS QUE REXEN A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

✚ Comunicación: promovendo a empatía, acordos e a asunción de compromisos.

✚ Autonomía: dotando o alumnado do protagonismo no seu proceso de ensino, partindo das súas necesidades, capacidades, intereses...

✚ Persoalización: axustando a resposta educativa ás condicións do alumnado para promover o máximo crecemento e desenvolvemento persoal.

✚ Intervención global: contemplando o suxeito non de forma illada senón no marco dun contexto social máis amplo.

✚ Actividade: mediante actuacións que promovan a implicación do alumnado, profesorado e familias para responder ás súas necesidades, intereses...

4) **PROPOSTAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN.**

Tomando como referente os principais axentes que forman parte da comunidade educativa as propostas de actuación irán encamiñadas a:

✚ Respecto ao centro: participar en claustros, reunións de etapas e ciclos, dinamizando, no posible, aqueles aspectos tanto de organización como de metodoloxía, que supoñen melloras para todo o alumnado.

✚ Colaboración co/a profesor/a titor/a e demais especialistas do centro: reunións ao inicio do curso para definir cal é a situación de cada alumno/a, especialmente dos que teñen unha ACs. Determinar os fins e obxectivos nas distintas áreas, mediante a observación conxunta, ao principio de curso, da clase e o seu desenvolvemento. Establecer o plan a seguir e os modos de ir recollendo información para valorar finalmente o traballo realizado. A posta en marcha dun grupo de traballo ante a preocupación de realizar adaptacións curriculares.

✚ **Con respecto ao alumnado:** elaborar programas combinados para nenos/as con dificultades educativas. Execución de programas individuais, rexistro e información sobre o seu desenvolvemento e preparación de material específico para realizar actividades educativas dentro da clase ordinaria.

✚ **Con respecto aos pais e nais:** Asesoramento e información sobre a necesidade e a forma da súa actuación na práctica educativa, así como o tratamento e evolución do seu fillo ou filla.

As **liñas de actuación** virán marcadas cara a consecución dos seguintes **obxectivos:**

- ✚ Valorar as necesidades educativas dos alumnos.
- ✚ Diseñar e coordina-la acción conxunta dos profesores encamiñada á atención individualizada dos alumnos tendo en conta os seus intereses, motivacións e capacidades.
- ✚ Organizar a atención dos alumnos con necesidades educativas de apoio específico.
- ✚ Elaborar material específico de apoio.
- ✚ Impulsar a participación de todo o profesorado na integración dos alumnos.
- ✚ Fomentar entrevistas para a orientación dos pais/nais.
- ✚ Atender a aqueles alumnos/as de outros países, que por non coñecer as linguas oficiais (galego e castelá) da nosa comunidade autónoma, teñen dificultades para desenvolverse.
- ✚ Adquirir as catro destrezas (comprensión auditiva, lectora, oral e escrita) que conforman a competencia educativa para lograr unha aprendizaxe completa das dúas linguas.
- ✚ Asesorar do material curricular axeitado para facilitar o labor dos titores/as na atención de alumnos/as.

5) **DESTINATARIOS.**

- ✚ A **totalidade do alumnado**, diverso ante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ✚ Período de **adaptación en educación infantil.**

O período de adaptación considérase un aspecto fundamental na integración do/da alumno/a na escola, e polo tanto é importante realizar unha entrada “escalonada” para facilitar a adaptación dos nenos/as. Cada día incorporaranse a aula un grupo reducido, para finalizar coa unión de todo o grupo. Preténdese que terminado o período de

adaptación, a aula de educación infantil funcione coa totalidade do alumnado e co horario establecido.

Nos 10 días de adaptación establécese 2 grupos cun aumento de horario progresivo ata completar o horario lectivo.

✚ Alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe** derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...

✚ Alumnado con **situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas** ou que manifieste dificultades graves de adaptación escolar.

A atención a este tipo de alumnos farase sobre todo a través de programación de aula adaptadas a ás súas características. En caso de que resultaran insuficientes poderíanse realizar adaptacións curriculares de carácter temporal ou ben adaptacións curriculares significativas nos casos máis graves.

Estes alumnos, na medida das posibilidades organizativas do centro , poderíase acoller a medidas de agrupamentos flexibles.

Con este tipo de alumnado o titor/a e o Departamento de Orientación traballarán estreitamente con outros organismos e profesionais que poidan contribuír a unha mellora da situación destes alumnos/as.

✚ Alumnado con **Necesidades Específicas de Apoio Educativo:**

1) Alumnado con **necesidades educativas especiais**, onde nos podemos atopar con:

a) **Alumnos con NEE permanentes derivadas de discapacidade psíquica ou mental, síndrome de Down, Autismo y/ou trastorno xeneralizado do desenvolvemento**

A resposta educativa a estes alumnos darase , sempre que resulte posible, nas aulas ordinarias realizando as oportunas adaptacións curriculares.

Un dos obxectivos básicos a conseguir con este alumnado será alcanzar as cotas máximas de integración, normalidade e autonomía..

b) Alumnos con necesidades educativas derivadas de deficiencia auditiva:

Procurarase que ao final do período de escolarización obrigatoria este alumnado

este capacitado para a utilización das dúas linguas (a de signos, se é preciso, e a oral) a fin de facilitar a súa participación activa na sociedade.

O equipo directivo solicitará, se é preciso, a Administración Educativa o persoal docente especializado en linguaxe de signos, logopedas para a habilitación oral e supresión de barreiras auditivas de comunicación. Actualmente non contamos con alumnos con deficiencia auditiva grave. Non contamos con alumnos.

c) Alumnos con necesidades educativas derivadas de deficiencia visual:

Este curso non contamos co alumnado mais, si fora o caso, solicitaríamos unha mestra especialista en deficiencia visual da Once, profesional que contábamos ata o curso pasado.

d) Alumnado con necesidades educativas derivadas dunha discapacidade motora.

Estes alumnos necesitaran a supresión de barreiras arquitectónicas e urbanística así como os medios técnicos e humanos pertinentes para favorecer o acceso ó currículo ordinario. Actualmente no temos alumnos con esta discapacidade. Non contamos con alumnos.

e) Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.

Terase como prioridade con estes alumnos a integración na dinámica da aula e do centro, tratando sempre de xerar condutas adaptadas de relación cos demais.

Ó mesmo tempo procurarase o desenvolvemento equilibrado de tódalas capacidades.

Posibles medidas a tomar con estes alumnos:

- Medidas curriculares: Enriquecemento do currículo mediante ampliación de contidos, actividades ou adaptacións curriculares individualizadas se é o caso.
- Medidas organizativas: formas flexibles de organización en grupo de forma que estes alumnos poidan incorporarse a grupos de diferentes niveles de competencia curricular ou agrupamento de alumnos con sobredotación nalgún momento do horario escolar.

- Medidas de flexibilización da escolaridade: Para poder incorporarse a un curso superior ao que lle corresponde por idade, debe contar no mes de abril coa avaliación psicopedagóxica realizada polos equipos psicopedagóxicos de apoio (E.O.E) e a aprobación da Inspección. Non contamos con alumnos.

- **Metodoloxía:**

A metodoloxía estará centrada no alumno/a. Será individualizada a partir do seu nivel de desenvolvemento, das súas motivacións, intereses e capacidades. Terá un carácter aberto, activo e experimental como base para a construción da aprendizaxe e da transferencia das aprendizaxes ás situacións do seu entorno.

Do mesmo xeito fomentárase a creatividade para flexibilizar o seu pensamento e aumentar a súa autonomía na resolución de problemas da súa vida cotiá.

Os agrupamentos serán flexibles de xeito que os alumnos/as poidan desenvolver mellor as súas capacidades, aprendan a compartir, valorar e respectar as diferentes opinións dos demais.

Partindo dos criterios didácticos e metodolóxicos descritos anteriormente nas aulas con estranxeiros, será necesario crear situacións de comunicación que recollan os aspectos socioculturais asociados a ditas situacións. Esta comunicación establecerase de xeito gradual, repetindo e expresando unha mesma idea de diversas formas para facer máis doada a comprensión. Animarase ao alumno/a creando accións nas que se sinta impulsado a utilizar o castelá ou o galego para a comunicación, aínda que sexa de forma elemental ao principio empregando todos os recursos de que dispoña (xestos, substitución dunha palabra descoñecida por outra, etc...).

O enfoque educativo da lingua debe responder ás necesidades sociais dos alumnos/as e, tendo ademais presente as características psicolóxicas dos mesmos nesta etapa (Educación Primaria), lévanos a centrar a intervención educativa na dimensión comprensivo-expresiva da linguaxe, ligada a experiencias concretas e cercanas aos nenos/as, partindo da súa lingua vehicular na medida que sexa posible. Traballar a comprensión non significa soamente dar ao alumno/a as claves para poder entender as mensaxes que recibe, senón tamén facilitarlle unha actitude activa e crítica fronte a ditas mensaxe.

O ensino da lingua castelá e da lingua galega para estranxeiros, que descoñecen totalmente o léxico, vai dirixido a perfeccionar a súa competencia oral, polo que se aplicará unha metodoloxía baseada no feito comunicativo. A linguaxe oral, durante eses primeiros días irá encamiñado a alcanzar un vocabulario básico e á construción de pequenas frases moi significativas. Para isto partírase de situacións moi concretas relacionadas con feitos da súa vida cotiá que lles sexa doado recoñecer: a súa casa, a súa familia, os seus amigos, as súas comidas preferidas, o seu colexio, a súa cidade; sen esquecer os rasgos máis característicos da súa cultura ou do seu lugar de orixe. É dicir, fomentárase a aprendizaxe significativa.

Superada a fase inicial de coñecemento da linguaxe oral, pasarase, en segundo lugar, o traballo en técnicas de lectoescritura, partindo, ase mesmo, das habilidades previas que se observen en cada alumno/a.

f) **Alumnado de incorporación tardía ao sistema** que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.

Medidas de atención á diversidade levadas a cabo co alumnado.

Nesta orde considéranse algunhas medidas para aqueles alumnos/as que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e trala correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
- b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais. Non contamos con alumnos.

Nesta orden establécense as seguintes medidas:

- a) Escolarización inmediata no momento de producirse a chegada do alumno a Galicia, sen necesidade de esperar ao comezo do novo curso.
- b) Os proxectos educativos e os documentos de desenvolvemento curricular

dos centros educativos que escolarizan un número significativo de alumnado procedente do estranxeiro, deben incluír os criterios de carácter organizativo e pedagóxico para atender a este alumnado e, tamén, incorporar os contidos e actuacións necesarias para educar a todo o seu alumnado no coñecemento e respecto da diversidade cultural existente no centro.

c) **Avaliación inicial:** no primeiro momento da escolarización determínanse as necesidades de cada alumno mediante a avaliación inicial que se realiza con carácter xeral no momento de incorporación ao sistema educativo.

d) **Dotación de profesorado de apoio:** As Delegacións Provinciais identifican os centros que escolarizan alumnado con estas necesidades específicas e valoran os recursos dos que dispoñen, coa finalidade de procurar dotalos dos recursos necesarios.

As **medidas curriculares** establecidas para a atención ao alumnado estranxeiro son as que se aplican a nivel xeral na atención á diversidade:

- a) Reforzo educativo.
- b) Adaptacións curriculares.
- c) Flexibilización da idade de escolarización.

As medidas organizativas teñen como finalidade proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas específicas do alumnado procedente do estranxeiro, así como familiarizarlle coa vida do centro. A atención leva a cabo en agrupamentos flexibles, de carácter temporal, autorizados polas delegacións provinciais e aos que se incorporan os alumnos previa información á familia. Son de dous tipos:

a) **Grupos de adaptación da competencia curricular.** Están dirixidos ao alumnado que presente un desfasamento curricular de dous ou máis anos respecto ao que lle correspondería pola súa idade. Teñen por finalidade procurar que estes alumnos progresen na competencia curricular de maneira que se lles posibilite a plena incorporación ao curso no que están escolarizados.

b) **Grupos de adquisición das linguas.** Son agrupamentos flexibles dirixidos ao alumnado que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia e teñen como finalidade proporcionar unha formación inicial nas linguas vehiculares do ensino.

Ademais das medidas establecidas na presente lexislación dende o centro educativo realizaranse accións destinadas a incentivar na escola o coñecemento das diversas culturas, por medio de: contacontos, xogos, costumes, artesanía, gastronomía

de cada país. A celebración das festas propias. Actividades para os diferentes países, organizadas polas asociacións de pais e nais. Convocatoria de axudas a asociacións sen ánimo de lucro e a entidades locais para a alfabetización de inmigrantes adultos.

Temos alumnos/as nacidos no estranxeiro e outros nacidos en España de familias inmigrantes que van adquirindo a nacionalidade. A problemática de familias desestruturadas está presente aínda que adquiran a nacionalidade española.

**RELACIÓN DE ALUMNADO NO CENTRO PROCEDENTES DE FAMILIAS
INMIGRANTES**

| PAÍS DE ORIXE | Nº de alumnos |
|----------------------|---------------|
| Honduras | 2 |
| Colombia | 9 |
| Ecuador | 1 |
| Francia | 2 |
| Polonia | 1 |
| Marrocos | 30 |
| Pakistán | 9 |
| Portugal | 14 |
| República Dominicana | 8 |
| Venezuela | 6 |
| Arxelia | 2 |
| Paraguay | 1 |
| Xeorxia | 6 |
| Senegal | 2 |
| Arxentina | 1 |
| Siria | 4 |
| TOTAL | 98 |

No caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo existe un **Plan de Acollida** no que se establecen as medidas e pautas a seguir no centro para a acollida e inclusión do alumnado inmigrante e/ou de minorías socioculturais.

Medidas de atención a diversidade levadas a cabo coas familias.

Entre as accións levadas a cabo como consecuencia da colaboración entre a consellería de emigración e a Consellería de Educación, sinalamos as seguintes:

- ❖ A elaboración dun folleto informativo para as familias sobre a escolarización do alumnado procedente do estranxeiro. Ten por finalidade informar, cunha linguaxe sinxela, sobre as principais características do sistema educativo aos pais que teñen un escaso coñecemento da nosa lingua e facilitar a comunicación coa dirección e profesorado do centro.

- ❖ A apertura de canles de información e comunicación entre as familias e as institucións educativas.

- ❖ A colaboración con outros profesionais. Así, dende os centros educativos estase a avanzar na coordinación cos Traballadores Sociais dos concellos e con algunhas asociacións de inmigrantes para o seguimento do proceso de escolarización. Puntualmente, estase a procurar a axuda de mediadores culturais, seleccionados entre adultos do mesmo país e cultura xa arraigados na zona, a través dos Servizos Sociais.

6) PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO.

Para poder identificar e valorar as necesidades educativas que presenta o alumnado escolarizado no nosos centro temos que ter en conta sempre as características da nosa comunidade educativa, partindo sempre da función avaliadora.

A identificación das Necesidades Específicas de Apoio Educativo ten que unha dobre finalidade: determinar cales son as necesidades do alumno/a e que axudas pode precisar ao longo da súa escolaridade.

Partindo da **avaliación** como un instrumento que permite dar información e identificar o proceso de ensino-aprendizaxe, a finalidade da cal é reorganizar e axustar o ensino cara ao proceso de aprendizaxe dos alumnos/as que posibilitará a nosa tarefa educativa, teremos en conta as distintas FASES da mesma:

a) Avaliación inicial: Seguimos a **Orde de 8 de setembro de 2021 e a ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema

educativo de Galicia. establecen que o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma se detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo. Se existen estas o comunicará a xefa do Departamento de Orientación, quen levará a cabo as accións pertinentes a través dunha avaliación psicopedagóxica.

Existen unha serie de signos de alerta que nos poden axudar as posibles dificultades que poden presentar os alumnos/as, estes poden estar relacionados con:

- ✚ Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade visual.

- ✚ Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade auditiva.

- ✚ Dificultades no desenvolvemento da linguaxe.

- ✚ Dificultades ou limitacións para realizar movementos que poidan condicionar o desenvolvemento de outros ámbitos.

- ✚ Dificultades de conduta: posible problemática relacionada co Trastorno por Déficit de atención con ou sen Hiperactividade

- ✚ Indicadores de risco social.

- ✚ Indicadores dunha posible problemática relacionada co Trastorno Xeneralizado do desenvolvemento.

- ✚ Dificultades no desenvolvemento cognitivo.

- ✚ Síndrome de Down.

- ✚ Trastorno de aspecto autista (TEA).

- ✚ COVID-19, situación de alerta que estamos vivindo e é necesario seguir o protocolo do centro.

b) Avaliación continua: cun valor formativo que acompaña todo o proceso de formación cunha función reaxustadora. Ao longo do curso e de forma continua, recollerase a distintas técnicas de seguimento, instrumentos de avaliación (fichas de rexistro, axenda de clase,...) e reunións de todo o profesorado implicado e familia, para analizar os progresos e dificultades do alumnado, co fin de axustar a práctica educativa que estimule o proceso de aprendizaxe.

c) Avaliación final: completa o desenvolvemento do programa. Esta avaliación realizada por todos os profesionais implicados nos procesos de ensino - aprendizaxe e a través dos mesmos recursos que para o seguimento, analiza o grao de cumprimento dos obxectivos formulados inicialmente, que se valoraron, ao mesmo tempo, de forma continúa e progresiva, co obxectivo de adaptar a práctica educativa en posteriores cursos escolares, así como a introdución das modificacións oportunas.

d) Avaliación Psicopedagóxica: “proceso de recollida, análises e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de eninanza-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas que determinados alumnos/as presentan ou poden presentar no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar sobre aspectos tales como:

- ✚ Modalidade de escolarización máis axeitada.
- ✚ Proposta de flexibilización do período de escolarización.
- ✚ Elaboracións de adaptacións curriculares.
- ✚ Proposta de diversificación do currículo.
- ✚ Determinación de recursos e apoios específicos complementarios.
- ✚ Orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo poidan precisar para o desenvolvemento harmónico das súas capacidades.

e) Promoción de curso e etapa

- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 8.- **Competencias clave** e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

1. As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).

- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de **avaliación nas ensinanzas de educación primaria**, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. A **avaliación** da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do **grao de adquisición das competencias** e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado **será continua e global**, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse **medidas de reforzo educativo**. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Artigo 6. **Promoción**

1. Ao finalizar os cursos **segundo, cuarto e sexto** da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de

avaliación final, **decidirá sobre a promoción do alumnado** e tomando especialmente en consideración a información e o **criterio do profesorado titor**.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con **cualificación negativa recibirá os apoios necesarios** para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. **O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso**. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de **carácter excepcional** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un **plan específico de reforzo** para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse **unha vez durante a etapa**, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos **segundo e cuarto** da etapa **o profesorado titor emitirá un informe** sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as **medidas de reforzo** que se deben contemplar no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas.

No caso de **alumnado con necesidades educativas especiais**, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Procedemento para derivar a un alumno/a ao Departamento de Orientación.

En función dos resultados da avaliación inicial e da continua , cando un titor ou profesor detecte unhas necesidades especiais nun determinado alumno ou dun grupo de alumnos , deberá tomar as seguintes medidas ordinarias de atención as súas necesidades.

O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará no **Documento de derivación** do CEIP “Julio Gurriarán”.

Recollida a demanda, **a Xefa do Departamento de Orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo** encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das **medidas ordinarias**.

Así mesmo planearase unha hipótese sobre cál pode ser o problema, e realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais para a ensinanza-aprendizaxe do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere que deben ser melloradas.




Previamente á avaliación psicopedagóxica, a orientadora comunicarllo ao xefe de estudos e o titor/a contactará coa familia, que dará o permiso pertinente para realizar esta.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o **informe psicopedagóxico**, no que, entre outras, se recollerán as **medidas de atención** para dito alumno/a, así como se establecerán as **necesidades específicas de apoio educativo** e os **recursos e medidas** de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes.

Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia (Modelo informe psicopedagóxico).

Periodicamente levarase a cabo un **registro dos avances e a revisión das medidas adoptadas** para introducir os axustes necesarios. (Seguimento).

No caso do **alumno/a** se recadarán os datos máis importantes referidos a:

-  Detección do alumno/a con dificultades de aprendizaxe
-  Valoración no contexto da aula
-  Adopción de medidas ordinarias polo titor/a

🚦 Colaboración coa familia, atención individualizada, cambio de compañeiros...

Intervención do Departamento de Orientación que estudará as solicitudes presentadas e fará unha avaliación do caso, facendo unha proposta de posibles medidas de atención á diversidade, tanto organizativas como curriculares, que poidan ser máis axeitadas para atender esas necesidades. Esta proposta resumirase nun informe (oral e/ou escrito, segundo o caso) do departamento de orientación ao xefe de estudos e titor/a para que, en colaboración co propio departamento de orientación, se poñan en marcha as posibles medidas de atención

Intervención do EOE, a derivación sempre será obrigatoria cando se requira a avaliación psicopedagóxica do alumno/a, tal como recolle a normativa vixente. (Ditames de Escolarización, Adaptación Curricular Individualizada,)

7) **MEDIDAS EDUCATIVAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

Seguimos a **Orde de 8 de Setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a **Atención á Diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Define as necesidades educativas especiais como as de tipo temporal ou permanente que estean asociadas á historia persoal e escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación intelectual como a calquera discapacidade ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que pola súa especificidade supoñan diferenzas significativas no acceso ordinario ao currículo e, polo tanto, requiran de apoios e atencións educativas específicas.

Hai que distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas outras que teñen carácter de estabilidade ou permanencia ao longo da escolarización.

A orixe destas necesidades educativas especiais pode atribuírse a diversas causas relacionadas, fundamentalmente, co contexto familiar, social ou cultural, coa historia educativa e escolar dos alumnos ou con condicións persoais asociadas sexa a

discapacidades psíquicas, motoras ou sensoriais, sexa as condicións de sobredotación en canto á capacidades intelectuais.

As Necesidades Educativas dun alumno/a determinaranse a través da correspondente avaliación psicopedagóxica.

Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporizadas, fóra da aula.”

Establecese que: as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence ó alumno.

Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar”

A coordinación desas actuacións , xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular da etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro.

O agrupamento do alumnado con NEE realizarase de acordo con criterios flexibles para erradicar calquera actitude discriminatoria. Igualmente, a intervención educativa, cando cumpra, de profesionais específicos deberá realizar agrupamentos a tempo parcial e estará coordinada coa programación ordinaria do profesor de aula.

Os profesores/as que atendan a alumnos con NEE realizarán, co asesoramento e apoio do departamento de orientación, as **adaptacións curriculares** pertinentes para axudarlles a estes alumnos a progresar no logro de obxectivos educativos.

Así mesmo establece que, a atención educativa dos alumnos/as con NEE levarase a cabo mediante a coordinación interprofesional establecida na correspondente adaptación curricular.

Nesta atención educativa participarán o profesor titor e o profesorado que interveña directamente co alumno, que poderán contar co asesoramento e apoio do departamento de orientación, dos mestres especialistas en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, ou de calquera outro profesional que poida participar coordinadamente cos anteriores na atención educativa ós devanditos alumnos.

O apoio aos alumnos/as organizarase tendo en conta os principios de integración e normalización que deben orientar toda a actividade educativa. Polo tanto atenderá aos seguintes criterios: Debido ao número de alumnado con necesidades educativas específicas, se prevé que sexa difícil atender na aula ordinaria todas as necesidades, estudarase caso por caso e farase unha distribución horaria dos especialistas en P.T., A.L. e de apoio ao alumnado estranxeiro e do espazo que beneficie o desenvolvemento integral de todos os alumnos e alumnas. En todo caso os titores/as recibirán o apoio necesario por parte do Departamento de Orientación, en canto a asesoramento de material, seguimento do alumnado en xeral e dos que reciben R.E. e A.C. en particular, deseño de actividades axeitadas....etc.

Nos casos nos que non sexa posible a integración total na aula, o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo serán atendidos fóra da aula ordinaria a tempo parcial polo profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e profesor/a de apoio ó alumnado estranxeiro. Debido a inscrición progresiva, ao longo do curso, de alumnos con necesidades educativas de apoio específico.

Naqueles casos nos que un alumno/a sexa apoiado por máis dun especialista, estes realizarán o seu traballo de xeito coordinado.

Entre as medidas educativas de atención á diversidade distinguimos:

a) **Medidas organizativas:** onde podemos distinguir entre medidas a nivel de centro, a nivel de aula e a nivel individual.

➤ **A nivel de Centro.-** Supoñen toma de decisións en canto á organización do centro recollidas nos distintos documentos de centro.

➤ **A nivel de Aula.-** Levadas a cabo polo profesorado e recollidas na Programación de Aula (PA).

Estas concrétanse no seguinte cadro:

| | A NIVEL DE CENTRO | A NIVEL DE AULA |
|-----------------------|---|--|
| X E R A I | No P.E. * Principios e directrices de compromiso coa diversidade. Nas Programacións Docentes. | * Programación de cada área * Unidades Didácticas para a Diversidade: - Obxectivos didácticos: a distintos |

| | | |
|---|---|---|
| S | <ul style="list-style-type: none"> * Priorización e secuenciación dos Obxectivos Xerais de Etapa e curso * Definición dos aprendizaxes comúns * Priorización de Obxectivos e aprendizaxes das Áreas Instrumentais <p>Na PXA</p> <ul style="list-style-type: none"> * PO e PAD * PAT * Plan de Acollida (ver nos anexos) * Contratos-programa para a mellora do Éxito escolar. | <p>ritmos e niveis</p> <ul style="list-style-type: none"> - aprendizaxes: predominio dos procedimentais - Actividades: distintas linguaxes, ritmos, estilos de aprendizaxe - Materiais: variados, para distintos niveis, ritmos e intereses <ul style="list-style-type: none"> * Coordinación do equipo docente * Seguimento do proceso do alumno / a coordinado polo titor / a |
| M E T O D O L Ó X I C A S | <ul style="list-style-type: none"> * Planeamentos xerais nas Programacións Docentes * Planeamentos en cada área * Proxectos de traballo interdisciplinares * Materiais e recursos didácticos * Flexibilización dos horarios * Habilitación de espazos * Organización do traballo en equipo * Organización dos apoios e reforzos | <ul style="list-style-type: none"> * Traballo por Proxectos * Traballo cooperativo * Traballo individualizado * Reforzo educativo * Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - con dificultade gradual - con diferentes modalidades de linguaxe - a partir de diversos espazos e recursos. - dentro e fora da aula * Materiais diversificados |
| A V A L I A C I Ó N | <ul style="list-style-type: none"> * Planeamentos xerais nas Programacións Docentes * Criterios de avaliación das áreas * Procedementos de avaliación * Criterios de promoción | <ul style="list-style-type: none"> * Avaliación Inicial * Sesións de avaliación * Seguimento dos alumnos/as * Modos de avaliación |

➤ **A nivel individual:** coordinación do equipo docente, avaliación inicial, sesións de avaliación, acción tutorial e orientadora, agrupamentos flexibles...

b) Medidas curriculares:

✚ **Medidas ordinarias:** sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación.

➤ Art. 43- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula as características do alumnado.

➤ Art. 44- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e as circunstancias do seu entorno.

➤ Art 45- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

➤ Art 46- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

➤ Art. 47- Aula de atención educativa e convivencia.

➤ Art. 48- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

➤ Art. 49- Programas de enriquecemento curricular.

➤ Art. 50- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permanezca un ano máis no mesmo curso.

➤ Acción tutorial: forma parte da función docente. A través da acción tutorial os profesores , e principalmente o titor/a, poden incidir en moitos aspectos de necesidades que presentan os alumnos, ven directamente con eles ou a través da familia, de forma individual ou de forma grupal. Estas actuacións figuran no Plan de Acción Tutorial.

➤ Reforzo educativo: tal é como se establece na orden do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo: secuencia dos contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamento dos alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse

segundo se establece a continuación:

- ❖ Estarán dirixidas a aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) poden seguir-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

- ❖ Serán elaboradas polo profesor/a que imparta a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor/a. Este comunicarllo ó equipo directivo e á familia do alumno/a.

- ❖ O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor/a de alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como RE. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo serán un requisito previo para a participación deste nun Programa de Mellora a Aprendizaxe e do Rendemento (**PEMAR**) na ESO.

Algunhas adaptacións ó alumno/a consideradas como RE poden ser:

- ❖ Na metodoloxía didáctica: uso de vídeo, esquemas, medios informáticos,....

- ❖ Na temporalización: dedicando máis tempo a un contido, facilitando tempo extra para un exame, etc.

- ❖ Nos procedementos de avaliación: probas orais, valoración do caderno de traballo, probas escritas de distintos formatos: probas obxectivas, probas de ensaio, probas abertas, ...

- ❖ Adaptación dos elementos de acceso ó currículo: emprego do sistema Braille, linguaxe de signos, etc.

Cando se considere que un alumno/a debería realizar actividades de reforzo educativo nunha determinada área durante o curso seguinte, o profesor correspondente manifestarao na sesión de avaliación final e o titor deixará constancia na acta de

avaliación deste feito. O profesor desa área no seguinte curso terá en conta esta circunstancia cando realice a avaliación inicial e determinará se considera necesario levar a cabo medidas de reforzo educativo.

Si se considera necesario, as medidas de reforzo educativo na aula poderíanse ampliar con actividades complementarias para a casa, tendo sempre en conta as condicións individuais de cada alumno/a.

✚ **Medidas extraordinarias:**

➤ Art. 55-Adaptacións curriculares (ACs):

Van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante do alumnado.

Supondrán a modificación, a ampliación, a redución ou supresión de parte o todos os elementos prescriptivos do currículo. Se axustarán ao seu potencial de aprendizaxe e as súas características persoais e sociais. **Partirase do currículo de referencia no que estean matriculados para chegar ao currículo adaptado.** Desenvolverase ao longo do ciclo ou curso.

A familia será informada de esta medida de atención á diversidade e quedará constancia por escrito.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Estarán dirixidas a alumnos/as que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

Procedemento para a elaboración dunha Adaptación Curricular AC:

- ❖ Realización da avaliación psicopedagóxica e posteriormente elaboración do informe psicopedagóxico por parte da Xefatura do Departamento de Orientación. Debe constar o nivel de competencia curricular do alumn@, que

será o punto de partida.

- ❖ Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión na que deben asistir o equipo docente d@ alumn@ e a xefatura do departamento de Orientación. Se analizarán os resultados da avaliación psicopedagóxica e se decidirá a pertinencia o non de realizar a AC e as áreas ou materias a adaptar. A xefa do dept. Orientación redactará e custodiará a acta da reunión.
- ❖ Elaboración da proposta de adaptación de cada área o materia por parte do profesorado que a imparte. Será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración co profesorado de apoio ao alumnado con NEE.
- ❖ A dirección do centro docente enviará o expediente da AC ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Enviarase antes de finalizar o mes de novembro.
- ❖ O desenvolvemento das AC's realizaranse no contexto da aula ordinaria coordinado polo profesorado titor.
- ❖ A Avaliación será realizada polo profesorado que imparte as áreas en coordinación co profesorado de apoio.
- ❖ Os referentes da avaliación do alumnado con AC serán os incluídos na adaptación, sen que elo poda impedirle a promoción ou titulación.
- ❖ A información das avaliacións que se lle faciliten as familias incluírán as calificacións obtidas nas áreas adaptadas. Incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso d@ alumn@.
- ❖ A duración das AC's poderá ser dun ciclo ou curso.
- ❖ Calquera modificación requerirá dunha nova autorización.
- ❖ Os pais ten dereito a que se lles facilite, por parte do centro e previa solicitude, unha copia da AC autorizada.

➤ Art. 56- Agrupamentos flexibles:

Consisten en agrupamentos temporais do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas o materias na que necesita unha atención individualizada.

Soamente poderán realizarse en 5º e 6º cursos de Ed. Primaria. O número máximo de alumnado será de 8 en ed. Primaria.

O alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con AC na área ou materia no que se proponse o agrupamento.

Realizarase a solicitude no mes de setembro ao servizo Territorial de Inspección Educativa para a autorización do agrupamento flexible.

É necesaria a conformidade dos pais.

A proposta de incorporación, no seu caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído.

Ao finalizar o curso escolar o titor elaborará un informe individualizado en colaboración coa Xefatura de Orientación.

➤ Art. 57- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe.

Es un recurso dirixido á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Desenvolverase en pequeno grupo, cun máximo de 5 alumn@s.

As súas funcións específicas son:

- Colaborar coa Xefatura do Dpart. de Orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar atención docente directa ao alumnado, pero en ningún caso substituirá á da profesorado titor, ni profesorado especialista
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende.
- Colaborar na elaboración das AC's, seguimento e avaliación.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir as sesións de avaliación so alumnado que atende con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumn@ que se incluírá no expediente

O apoio do profesorado especialista de AL se centrará prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa do especialista de PT ou AL se realizará, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Fóra da aula terá carácter excepcional e decidirán a mellor opción, na coordinación entre a titora e mestra especialista para traballar de forma axeitada cos nenos. Deberá constar no informe psicopedagógico. Terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da 3ª parte dos períodos lectivos semanais. Desenvolverase en pequeno grupo cun máximo de 5 alum@s.

Da atención excepcional fóra da aula, exclúense as intervencións do profesorado de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado.

➤ Art. 58- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e primaria.

Fai referencia á redución ou ampliación da permanencia nunha etapa según sexa alumnado de altas capacidades ou necesidades educativas.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes serán no **mes de marzo** para que as direccións dos centros docentes remitan as xefaturas territoriais e no **mes de abril** para que as Xefaturas Territoriais den traslado á Secretaría Xeral de Educación.

Para tal fin, a duración do período de escolarización será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención das necesidades específicas do alumno.

Así mesmo, establecece que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderase modificar nos seguintes termos:

❖ **Educación Infantil:** poderase aumentar, excepcionalmente, en un ano con respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

❖ **Educación Primaria:** poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis en educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso non se poderá permanecer na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran quince anos de idade.

🚩 **Art. 67: Medidas educativas para o alumnado procedente do estranxeiro:**

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativos (aneae) por as súas condicións persoais ou de historia escolar.. Poderá participar dende os 3 anos, nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular si presenta, descoñecemento das dúas linguas oficiais e/o desfase curricular de dous cursos ou máis co respecto ao que lle correspondería por idade.

No momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo, farase unha **avaliación inicial**, que de estimarse necesario, se complementará coa avaliación

psicopedagóxica que realice a **Xefatura do Departamento de orientación**. Se tras esa avaliación detéctase que o alumn@ presenta un **desfase curricular de máis de dous anos**, se poderá escolarizar nun curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente a súa idade no caso de superar ese desfase. Comunicarase ao servizo territorial de Inspección Educativa. Esta medida **aplicarase soamente en Educación Primaria**. Facilitaremos en todo momento a súa inclusión, os seu desenvolvemento e a súa socialización.

8) **RECURSOS.**

a) RECURSOS HUMANOS:

Interno ao centro escolar:

➤ Departamento de Orientación: no presente curso conta cos seguintes compoñentes:

- Orientadora.
- Dúas profesoras de PT
- Tres profesoras de AL (dous definitivas e outra provisional-compartida)
- Unha profesora de apoio ao alumnado inmigrante (PT).

➤ Equipo docente formado por especialistas en Educ. Infantil, en Educ. Primaria, en Linguas Estranxeiras (Inglés e Francés), en Educ. Musical, en Educ. Física e Relixión.

➤ Conxerse do centro educativo.

Externos ao centro escolar:

➤ Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.

➤ Centro de Arela

➤ Cruz Vermella

➤ Administración Educativa.

➤ Centro de formación de recursos (CEFORE)

➤ Outros: Concello, Policía Local, Servizos Sociais, Servizos médicos...

É necesaria unha total coordinación de todos os recursos humanos existentes nos

diferentes ámbitos profesionais que poidan incidir no campo educativo. A actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.

B).-RECURSOS MATERIAIS:

O Departamento de Orientación conta co seguinte material :

- + Test e probas específicas para a avaliación psicopedagóxica
- + Bibliografía especializada sobre o tema de atención á diversidade
- + Materiais específicos de recuperación.
- + Libros educativos en préstamo para pais/nais, mestres e alumnos

Algúns destes materiais están no propio departamento e outros noutros departamentos e nas aulas de apoio.

C).- ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E DO TEMPO.

Contamos con dúas aulas de apoio creadas, unha no curso 97-98; outra para o alumnado estranxeiro (curso 2004-05) e outra provisional por demanda.

Un aula de AL creada no curso 2002/2003. Actualmente contamos cunha profesora definitiva a tempo total, unha profesora provisional e outro compartido, pola **demanda de nenos con dificultades na linguaxe**. As tres aulas precisan de maior dotación de material específico.

Cando organicemos o espazo teremos que ter en conta o tipo de aprendizaxe que queremos conseguir e o tipo de interaccións que pretendemos.

De todos os xeitos, con respecto aos alumnos con necesidades especiais de apoio educativo hai que ter en conta que:

Os alumnos con necesidades auditivas deben situarse na clase onde poidan ter maior audición.

Dependendo da dificultade visual adoptaremos unha ou outra medida sobre o lugar idóneo (luminosidade, proximidade ao encerado, etc.), tendo como criterio fundamental aproveitar os materiais visuais que teña o alumnado e centro (ordenador, cascos, pizarra dixital, flexo, etc).

Os alumnos con problemas motrices poderanse colocar nalgún sitio especial da clase dependendo do equipo que necesite (cadeira de rodas, mesa adaptada, cadeira con

taco,etc.). No caso da alumna con Síndrome de Down e o alumnos con posible TEA, permanecerán na aula ordinaria de referencia cos medios educativos adaptados e co persoal de apoio (coidadora, profesora de PT, AL e outras mestras).

En canto ao tempo, debemos ter en conta, dentro da flexibilidade que debe caracterizar o tratamento con suxeitos que presentan necesidades especiais, que momentos son máis apropiados para determinados tipos de aprendizaxe, tamén é importante fixar nos que van intervir os diversos profesionais. Segundo o apoio que reciban podemos ter dúas modalidades principais:

a) Apoios temporais dentro da aula: neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro da aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor ordinario levar un ritmo "normal" mentres que se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.

b) Apoios temporais fóra da aula: en determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno con necesidades educativas específicas sae do seu grupo-aula para ser atendido polo profesor de apoio. Esta atención irá dirixida a alumnos con posibles adaptacións curriculares.



Outras veces o apoio a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, poderá recibir o reforzo educativo fóra da aula por parte doutro profesor, mentres que o profesor titor/a permanecerá co grupo-clase desenvolvendo outras tarefas curriculares que non requiran especial dificultade e explicación.

9) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS

Ao igual que co alumnado ordinario, realízase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nas ACs, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre, que o progreso non sexa positivo. A avaliación será realizada polos profesores implicados nas sesións de coordinación e avaliación marcados na P.X.A.

No Boletín de información ás familias, elaborado trimestralmente, recollerase o grao de consecución dos obxectivos programados para o devandito período. Na caso dos alumnos cunha AC os obxectivos estarán individualizados, ao igual que o seu grao de consecución.

A avaliación e revisión do plan efectuarase a dous niveis:

-  Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado.
-  Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- ✚ Análise e avaliación nas reunións de interniveles.
- ✚ Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ✚ Elevación de conclusións e posibles modificacións no "Claustro de Profesores" para o seu coñecemento.
- ✚ Inclusión das valoracións na "Memoria de Final de Curso, que á súa vez servirá de base para a "P.X.A. " do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se visen alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes no devandito momento.

10) PROPOSTAS DE MELLORA.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro e a nova lexislación.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

Corresponde á Comisión Pedagóxica o seguimento do Plan de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións do Departamento de Orientación.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual,

preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- ✚ Análise e avaliación nas reunións de curso.
- ✚ Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ✚ Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.
- ✚ Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Si as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

As **principais propostas de mellora para cubrir as necesidades específicas de apoio educativo** para o vindeiro curso son:

- Manter **as 3 prazas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe** para atender o tempo que precisen, a todos os alumnos con NEE, adaptacións curriculares, alumnos de incorporación tardía ao sistema educativo de distintos países como por exemplo, alumnos refuxiados de Xeorxia e Siria e de Países Árabes, sen coñecemento dos idiomas, alumnado con dificultades de aprendizaxe, etc.

11) **NORMATIVA LEGAL.**

. - **Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro**, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

- O **Decreto 229/2011, de 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. CAPITULO I, Artigo 1: O presente decreto ten por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais.

- **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- **Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro** polo que se regulan a **avaliación e promoción** en Educación Primaria.

- **DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro**, polo que se regula a **admisión de alumnado** en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de **avaliación** nas ensinanzas de Educación Primaria no sistema educativo de Galicia.

- **Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022**, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o **proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína**

- **Resolución de 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que **se ditan instrucións** para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil e Primaria no curso 2022/23.

- **Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro**, polo que se establece a ordenación e as **ensinanzas mínimas da Educación Infantil**.

- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o **Regulamento orgánico** das escolar de educación infantil e dos colexios de ed. Primaria.

- **Lei 8/1997, do 20 de agosto**, de accesibilidade e **supresión de barreiras** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **O Decreto 120/1998 do 20 de abril** polo que **se regula a orientación educativa** e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/98).

- **A Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a **organización e funcionamento da orientación educativa** e profesional (DOG 31/7/98).

- **Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro**, polo que se **implantan e regulan os centros públicos integrados** de ensinanzas non universitarias.

- **Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo**, polo que **se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas** do sistema educativo para os **alumnos superdotados intelctualmente**.

- **Resolución de 22 de Decembro de 2004**, da Dirección Xeral de Centros e ordenación Educativa pola que **se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de Educación Especial**.

- **A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio** de Educación polo que se establece o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a compensación das desigualdades na educación (DOG 4/5/06).

- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativas e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que **se ditan** instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación e Innovación Educativa pola que **se ditan** instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.

- **Lei 2/2014 de abril**, pola **igualdade de trato e a non discriminación** de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de **convivencia e participación** da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27 Xaneiro 2015).

ANEXO I

15.- PERIODO DE ADAPTACIÓN NAS AULAS DE 3 ANOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

XUSTIFICACIÓN

O ingreso na escola dos nenos de tres anos supón un gran cambio para eles xa que teñen que saír do seu mundo familiar onde son o centro de atención e no que se senten seguros e protexidos para entrar na escola onde teñen que relacionarse nun espazo descoñecido con nenos e adultos que non son da súa confianza. Isto vai provocar un conflito nos nenos por iso levamos a cabo o período de adaptación xa que consideramos que a actitude ante a escola, as relación sociais e os aprendizaxes vai depender de cómo o neno asimila este proceso.

Con este período pretendemos o axuste do neno a escola pero non poderemos logralo sen una axeitada organización na que é fundamental a colaboración e implicación familiar.

OBXECTIVOS

- Conseguir que a adaptación do alumnado ás escolas sexa a idónea creando un clima de seguridade e efecto fundamental para o seu correcto desenvolvemento.
- Favorecer a interrelación entre os nenos de forma paulatina, agradable e sen conflitos.
- Ofrecer os nenos e as súas familias una experiencia positiva e agradable da escola.
- Favorecer a interrelación entre os distintos elementos persoais que interveñen no proceso educativo.

PROCESO PREVIO

As actividades do período de adaptación comezarán durante o mes de xuño do curso anterior a escolarización no que se terá una reunión inicial coas familias para tratar una serie de temas como:

- A presentación do equipo de infantil.
- Que é o período de adaptación?
- Cómo poden colaborar os pais?
- Cándo e como vai ser a incorporación a escola?
- Recomendacións para o verán

Tamén se propondrá que os nenos e as súas familias (en grupos de catro ou cinco) compartan co resto do alumnado da etapa xogos no patio

No mes de setembro Terán lugar as entrevistas en profundidade coas familias e o proceso de incorporación do alumnado

PERIODO DE ADAPTACIÓN

Os alumnos vanse incorporando a escola en pequenos grupos. Cada clase queda dividida en grupos pequenos e cada un destes grupos terá un horario diferente de entrada e permanencia no centro O tempo de permanencia no centro varía de forma gradual.

A duración deste período será a establecida polo calendario escolar.

Nos primeiros días de clase:

- Planeáranse tempos de estancia na aula adaptándoas as necesidades dos alumnos, alternándoas con actividades o aire libre
- O traballo hábitos e rutinas será fundamental.

- Propondremos actividades de socialización que axuden a tomar contacto cos compañeiros e mestres.
- Realizaranse actividades que procurarán despertar a curiosidade para que descubran o espazo e os materiais da aula.
- Unha vez incorporado todo o grupo recorreremos as dependencias do centro para que os alumnos se sintan seguros neste espazo.

AVALIACIÓN

Por último levarase a cabo a avaliación e propostas de mellora cara cursos sucesivos. Logo dunha xuntanza do profesorado coa xefatura de estudos e a xefa do departamento de orientación deberemos:

- Observar e recopilar datos para ver como foi a adaptación dos nosos alumnos
- Detectar os erros: temporais, de planificación, organizativos...
- Analizar as xuntanzas, tanto coas familias como entre o profesorado
- Observar se a escola dispuxo de flexibilidade abonda para adaptarse ao alumnado.
- Informar as familias sobre os resultados deste período.